



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
VINTE DE SETEMBRO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D ^a , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte de setembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (21/06/2017 e 19/07/2017).

Dáse conta da acta do 21/06/2017 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Na acta do 19/07/2017 dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pide que se faga unha rectificación no punto 7º Rogos e preguntas. Onde di: "...crear unha mesa de traballo para estudar a posibilidade de embargo..." debe dicir: ..." crear unha mesa de traballo para estudar a posibilidade de embargo do Miradoiro de Sales".

Unha vez feita a rectificación apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, de expediente de modificación de créditos núm. 5/2017.

Dáse conta do expediente número 5/2017 sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento municipal para o actual exercicio, no que se transfiren créditos entre distintas áreas de gasto por importe total de SESENTA MIL (60.000,00) EUROS para facer fronte a o financiamento da porcentaxe non subvencionada pola Xunta de Galicia da obra de Reforma do campo de fútbol de Vedra.

O expediente tramitouse en virtude de memoria da Alcaldía de data oito de setembro de dous mil dezasete, e de decreto ditado como consecuencia da mesma, utilizándose como recursos para o seu financiamento:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



- Baixa parcial de créditos na aplicación do estado de gastos do Orzamento municipal para o exercicio de 2017 que deseguido se indica, por poder prescindir de contraer obrigas con cargo á mesma, e pola contía necesaria para financiar a modificación orzamentaria descrita:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
453-60900	Investimento en infraestrutura xeral de estradas e vías públicas	60.000,00
TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS PARA FINANCIAR A MODIFICACIÓN		60.000,00

No expediente aparecen informes de Secretaría-Intervención e demais regulamentarios, todos eles en sentido favorable.

Previa deliberación, considerando o carácter necesario e inaprazable das citadas obrigas a cargo da Corporación e que as transferencias que se propoñen non producirán perturbacións nos respectivos servizos nin nos intereses municipais, propónse:

1º.- Informar favorablemente a proposta de modificación de créditos referida, mediante a baixa parcial de créditos na citada aplicación que se minora, da área de gasto 4 e a habilitación de suplemento de créditos na aplicación orzamentaria da área de gasto 3 que se reflicte na memoria da Alcaldía que motivou o expediente e que deberán consignarse nas mesmas co detalle e polo importe que a continuación se expresa:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
341-62301	Investimentos en instalación deportivas	60.000,00
TOTAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS		60.000,00

Coa modificación proposta, que non altera a contía total do Orzamento, o resumo por capítulos do Estado de Gastos queda como segue:

CAPÍTULOS	CONSIGNACIÓN ANTES EXPTE.	AUMENTOS CRÉDITOS	BAIXAS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
1- Gastos de persoal	1.437.750,00			1.437.750,00
2- Gastos en bens correntes e servizos	1.823.550,00			1.823.550,00
3- Gastos financeiros	4.172,00			4.172,00
4- Transferencias correntes	49.200,00			49.200,00
6- Investimentos reais	1.393.876,20	60.000,00	60.000,00	1.393.876,20
7- Transferencias de capital	0			0
8- Activos financeiros	15.000,00			15.000,00
9- Pasivos financeiros	176.828,00			176.828,00
SUMAS TOTAIS	4.900.376,20	60.000,00	60.000,00	4.900.376,20

2º.- Que se continúe a tramitación do expediente co sometemento á aprobación do Pleno do Concello e, no seu caso, coa inmediata exposición ao público, para efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos supostos, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

A Presidencia di que é para a primeira fase do campo de fútbol de Vedra para a que concederon unha subvención de 40.000 € e está presupostada esta fase arredor dos 98.000 €. Necesítase facer esta modificación para facer esta obra e de aquí a final de ano



non se vai ver prexudicada ningunha obra que estivera xa programada, polo que pide o voto a favor.

Don Ramón Lago Lestón do PSdG-PSOE di que o seu grupo votará a favor xa que é algo polo que levan pelexando dende hai tempo.

Di que se están a facer as cousas tarde e mal. Chócalle que aprobaran os orzamentos en xullo e un mes despois presenten unha modificación de crédito.

Formúlalle á Presidencia as seguintes preguntas:

Había previsión desta subvención?

Cando saíu a convocatoria desta axuda?

Cando se presentou a solicitude?

Porque se comezou tan tarde en caso de que a convocatoria saíra con tempo?

Vanse cumprir os prazos de execución, xa que ten que estar rematada o trinta de outubro?

Que vai pasar se non se cumpren os prazos?

Por outro lado di que viu o outro día o proxecto e bota en falta as pistas de pádel. A proposta do seu grupo sería que houbera unha pista de pádel e unha rampla para patinete.

Di que esta modificación de crédito leva tamén unha achega do Agader, ao que a Presidencia contesta que non.

Recibiu unha información por escrito na cal se di que do Agader se recibían 40.000 € e o restante é financiamento do concello (58.200 €). A súa pregunta é se eses 40.000 € se deducían dos 100.000 €, porque entende que a achega do Agader para o concello é de 100.000 € que se ían investir nese espazo de coworking.

A Presidencia contesta que son dúas cousas diferentes. Unha é o proxecto do coworking que conta cunha subvención do Agader do 90%, e outra é a obra do campo de fútbol de Vedra, que ten un orzamento de 98.000 € e conta cunha subvención de 40.000 € que procede da Consellería de Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, concorda co PSdG-PSOE sobre a valoración ao respecto dos orzamentos. Di que é curioso que no pleno seguinte á aprobación dos orzamentos se traía unha modificación de créditos, cando se fose o equipo de goberno dilixente, xa podía ir incluída nos orzamentos.

Deste xeito o prazo de execución e xustificación da obra queda reducido a un mes e dubida das condicións nas que se poderá rematar a obra e se se poderá xustificar.

Xa fixeron público a súa posición respecto a esta obra e están de acordo co investimento. Así mesmo pide unha clarificación de como vai ser a xestión deste espazo (libre, público, gratuito); se os veciños de Vedra van ter que supeditarse a unhas condicións de uso onde haxa algunha organización que teña un uso prioritario, se vai estar suxeito a taxas, etc.

A Presidencia contesta que son pre-supostos. É dicir, presupóñense unha serie de ingresos e unha serie de gastos e que todos os orzamentos dos concellos sofren modificacións por distintas circunstancias.

Pídelle que esperen ao pleno de novembro para ver se hai problemas coa obra e a súa xustificación.

Vaise ir facendo por fases segundo se reciban as subvencións. Non cre que sexa unha falta de planificación. Non recorda cando se solicitou a subvención nin cando saíu a convocatoria, pero si que a resolución chegou nas mesmas datas ca celebración do pleno no que se levaron os orzamentos, co cal é evidente que era máis sinxelo aprobar os



orxamentos e despois facer a modificación de créditos. Cre que cunha subvención de 40.000 € nunha inversión total de case 100.000 € na primeira fase, é oportuno facer esa modificación.

Si é certo que van axustados de tempo, e por iso se traballou arreo no mes de agosto para que estivese adxudicada agora nestas datas, obra que, se non fose pola subvención concedida non se podería executar agora.

En canto ás pistas de pádel di que no borrador do ano pasado intentaron metelas, pero despois de medir ben, valorar as medidas do campo de F-7 (que sempre quixo que se conservara) eran medidas moi xustas polo que non se poden instalar alí. Di que están buscando unha zona onde instalar esa pista no centro de Vedra.

Respecto á xestión di que o campo é público e rexistralmente de titularidade municipal. O ano pasado houbo unha xuntanza coa que foi a última directiva do Vedra C.F., e coa asociación de veciños e a todos lles pareceu unha boa idea. É unha instalación pública e nesta primeira fase farase o rebaixe, a pista de rodadura, tiraranse as cantinas vellas e o peche; nunha segunda fase habilitarase o campo de F-7 e o peche que vai ser aberto como o que hai en San Xián. Di que non teñen en mente que estea suxeito a taxas, usos prioritarios, etcétera; e cre que haberá entidades deportivas que lle van dar un uso maioritario.

O Sr. Lago Lestón, do PSdG-PSOE quere facer unhas aclaracións.

En canto ao financiamento, chegoulle un correo o día quince de setembro onde di que o importe do proxecto é de 98.258,11 €. financiamento: Agader-PAR Galicia 2014-2020: 40.000 €. Recursos propios: 48.250,11 €. Prazo de xustificación da subvención: 31/10/2017.

Pregunta se a subvención vén da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia ao que a Presidencia contesta que si.

En canto ás pistas de pádel era unha dúbida que tiña logo de ver o borrador antigo. Di que xa se verá como é a xestión, xa que tamén o pavillón é público e esta xestionado por unha empresa que cobra unhas taxas.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que vai votar a favor xa que é algo que leva solicitando dende hai moito tempo. Di que a directiva segue vixente e que se sorprendeu cando lle contou isto. Ese campo de fútbol foi unha cesión dos veciños e vaise modificar con cartos públicos e por iso lle pide que lles garanta que algo que foi cedido polos veciños e se vai modificar con cartos públicos non lles vai custar un euro cando se queira usar.

A Presidencia contéstalle que hai matizacións. Se o día de mañá un grupo de veteranos quere xogar ao fútbol ás once da noite; está claro que iso ten un consumo enerxético que xa determinarán entre todos como se fai. Son instalacións que en principio van estar abertas e terán que regular para que teñan un bo uso, ordenado e que beneficie a todos.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA preguntalle á Presidencia se externalizarán a xestión como fixeron co pavillón, pero nunca para beneficio particular dunha empresa privada. Pode garantir iso?

A Presidencia contéstalle que si.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA solíctalle que non sexa cedido a unha empresa privada que termine beneficiándose de cartos públicos e de cesións dos veciños e que non vai ir parar a mans dunha empresa privada.

A Presidencia replica que vai haber un regulamento de uso dese espazo e que non se vai facer unha xestión a través dunha empresa privada; o que si poderá haber serán usos preferentes.



Posta a votación é aprobado por unanimidade dos asistentes.

3.- Acordo, se procede, sobre designación dos festivos locais para o exercicio 2018.

Dáse conta da comunicación da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, solicitando a designación dos dous festivos locais para o ano 2018.

O Sr. Lema Mougán do PP dique como non houbo consenso na comisión, seguen mantendo a súa posición de manter a tradición, xa que os cambios dos últimos dous anos viñeron dados porque Santa Baia coincidiu en sábado e domingo, polo que propoñen os días tradicionais, O Patio e Santa Baia.

O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE anuncia que o seu grupo propón un día festivo fixo, que sería o da Ascensión xa que funcionou bastante ben este ano xa que hai moita xente que traballa en Santiago e os nenos/as libran, e agora que están na Área de Santiago é unha forma de incentivar o turismo comarcal. Por outro lado, gustaríalles un sistema de rotación entre O Patio e As Dores, porque cren que o tema de Santa Baia é un festivo que non ten moito sentido xa que o seis e oito de decembro son festivos e logo veñen as vacacións de Nadal.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que o consenso tamén é extensible a outras cuestións de máis calado como a privatización do SAF.

Respecto dos festivos, di que son festivos institucionais que están afastados dos veciños e que facéndoos cadrar en período lectivo escolar xeran problemas de conciliación en vez de favorecer o espaxamento e o ocio. Para el o criterio que propón o grupo de goberno é discriminatorio co resto das parroquias.

A súa proposta para o ano 2018 sería a de sacar O Patio e ir rotando entre todas as parroquias do concello mediante algún tipo de petición, vía asociacións veciñais, que soliciten o día festivo que mellor lles conveña. Deste xeito, seguramente cadraría fóra do período escolar co que se evitarían os problemas de conciliación.

O Sr. Lema Mougán do PPdG di que manteñen a proposta tal cal está.

Posto a votación, apróbbase con sete votos a favor do PPdG, dous votos en contra do BNG-AA e concelleiro non adscrito, e catro abstencións do PSdG-PSOE.

4.- Moción presentada polo Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre afectación das augas do río Ulla ante o proxecto de explotación mineira de Touro-O Pino.

Apróbbase por unanimidade a urxencia deste punto.

Dáse conta da moción polo Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, relativa ao procedemento de información pública do Proxecto de Explotación Mineira en Touro- O Pino localizado sobre a bacía do río Ulla que, cuxa parte dispositiva di:” Solicito o acordo da corporación para que:

1.- O concello de Vedra, á maior urxencia, faga estudo, análise e avaliación dos efectos da explotación mineira sobre as augas do Río Ulla; facendo uso de asistencias ou servizos técnicos externos se é preciso.

2.- Crear unha mesa con representación de todos os grupos políticos nos que se traslade a información ao respecto.

3.- Formule en prazo e forma as alegacións ao respecto, de ser o caso.”

Expón que este proxecto abarca unhas setecentas hectáreas de extensión a ceo aberto, que prevé o desvío de dúas canles fluviais importantes que xa a antiga explotación provocou un problema ambiental nas augas superficiais e subterráneas. Son setecentas



hectáreas de extensión vertendo augas contaminadas por metais procedentes da escorrenta da chuvia máis os mananciais que saíran nas escavacións que se verterán ao río Ulla. Todo isto afecta ao concello de Vedra no abastecemento de auga pública (dependente do concello de Boqueixón) mediante a captación da mesma no río Ulla; ademais de verse afectada a riqueza de piscicultura.

Cre que Vedra non pode confiar nas medidas correctoras postas pola empresa e menos no seu cumprimento.

A Presidencia di que está falando dun tema que afecta principalmente aos concellos de Touro e O Pino, que lles pode supoñer un impulso económico importante e non quere prexudicar as posibilidades de desenvolvemento. Sempre que se cumpra a legalidade vixente en relación coa lexislación medio ambiental non vai ir en contra da posible creación de emprego e desenvolvemento económico.

Disto isto, parécelle ben os acordos presentados porque cre que deben adoptarse todas as medidas medio ambientais que esixe a lei para que non se produzan danos na conca fluvial do río Ulla.

Entende que Augas de Galicia e as institucións correspondentes da Xunta de Galicia van estar encima deste tema, pero non lle parece mal que se faga este estudo de análise e avaliación do impacto, crear a mesa e informar en prazo e ter un seguimento deste tema. Di que o seu grupo votará a favor da moción porque cre que deben estar vixiantes para que se cumpran todas e cada unha das medidas que esixe a lei para que non se produzan danos na conca fluvial do río Ulla.

O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE di que o seu grupo votará a favor da moción xa que están implicados e sensibilizados cos temas medio ambientais e co impacto de certas industrias no medio ambiente. Di que están á súa disposición para a mesa de traballo, para facer un seguimento do proceso para que se cumpra a legalidade.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA cre que a reapertura desa canteira sería un dos maiores erros para a comarca, aínda que xerara catrocentos postos de traballo.

Di que a lexislación non garante neste caso absolutamente nada, que todos os estudos de impacto ambiental son unha farsa, como mostran precedentes como os de Corcoesto.

Vedra está nunha bacía freática das máis importantes a nivel peninsular e que se debe preservar.

Á Presidencia gustaríalle que non crearan unha alarma sobre algo que está comezando pero si para que se esixan e cumpran todas as medidas legais para evitar o impacto medio ambiental.

Posta a votación a citada moción, é aprobada por unanimidade dos asistentes.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, sobre proxecto de suficiencia enerxética para o local de Santa Cruz de Ribadulla previsto para o ano 2017 a Presidencia contéstalle que supón que se refire á caldeira de biomasa instalada, xa que é o único que teñen.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE no pleno do mes de xuño, a Presidencia contéstalle:

1º.- Á pregunta sobre os servizos da banda de música de Santa Cruz de Ribadulla cando coinciden dúas festas no mesmo día, a Presidencia contesta que cando coinciden ten



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



preferencia a primeira que a solicitara e a outra parroquia pode facelo noutra época do ano. Non se estudou outra alternativa.

2º.- Á pregunta sobre a praza de caravana no aparcadoiro disuasorio de Ponte Ulla, a Presidencia di que xa quedou contestada no pleno de xullo.

3º.- Á pregunta sobre un aparcadoiro nos arredores da igrexa na zona expropiada pola Deputación en San Xián de Sales, A Presidencia contesta que falará cos enxeñeiros e verán se é factible.

4º.- Á pregunta sobre crear unha mesa de traballo para estudar a posibilidade de embargo da urbanización Miradoiro de Sales, a Presidencia di que xa falou con Roibás para acudir á mesma e non hai ningún problema. Nos próximos días comezarán a falar do tema.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE a Presidencia contéstalle:

1º.- Á pregunta sobre a RPT do concello di que xa está contestada.

2º.- Á pregunta sobre o protocolo de actuación contra incendios cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que lle gustaría telo rematado canto antes, pero que por diversos motivos non foi posible. En calquera caso, a día de hoxe está pendente de que envíen algúns datos dende o distrito forestal para incorporalos e deixalo listo.

3º.- Á pregunta sobre os traballos de organización dos fondos documentais do arquivo municipal de Vedra, a Presidencia remítese ao contestado nos plenos anteriores. En canto ao orzamento de 7.581 €, di que foi o que se pagou exactamente, non 351,00 € de máis como di o Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia contesta:

1º.- Á pregunta sobre a copia certificada do contrato dos traballos de organización dos fondos documentais do arquivo municipal de Vedra, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Secretario que dá conta do informe de secretaría.

A Presidencia di que tiveron e teñen acceso ao expediente e que xa teñen copia dese borrador que non forma parte do expediente. Xa faláron do tema en comisións, xa contestaron a preguntas en pleno, xa se deron explicacións, etcétera. Se queren acudir a outras instancias non precisan nada máis. En calquera caso, remítese ao informe de secretaría, e avánzalle que non ten problema en que teñan copia do expediente, sempre e cando cumpran o que pon no informe. Isto é, salvagardar as cuestións de protección de datos das persoas que aparecen nel e que a petición estea debidamente motivada.

2º.- Á pregunta sobre o escrito que presentou no pleno anterior sobre este asunto, composto por oito puntos; a se ten algo que aportar ao que contén, a Presidencia remítese ás respostas dadas polo equipo de goberno en comisións e pleno, e insiste en que entende que non hai irregularidades de ningún tipo neste tema.

3º.- Á pregunta sobre en que foi investida unha subvención para prevención de danos por incendios forestais por un importe de 11.709 €, a Presidencia di que xa foi contestada no pleno anterior.

4º.- Á pregunta sobre os acordos ou negociación ten como Alcalde con Ana Belén Rodríguez Enjamio, Centros asistenciales CXP Saúde SL e José Manuel Rodríguez Casteleiro; a Presidencia di que ningunha.

5º.- Á pregunta sobre se hai accións iniciadas para incoar un expediente sancionador ou de reposición da legalidade respecto da tala da carballeira que había preto da nave do concello en Xián; a Presidencia contesta que si xa está iniciado.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



6º.- Á pregunta sobre o financiamento e orzamento do Programa Voluntariado Xuvenil do Ulla, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que é un programa de Voluntariado para mozos e mozas de entre 16 e 18 anos que se realiza conxuntamente entre os concellos de Vedra e Boqueixón, debido a que na convocatoria primaban a agrupación de concellos, para o que concederon unha axuda maior, e que consiste en incorporar entidades locais inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia (Concello de Vedra) a mozos/as para a súa colaboración como voluntarias/os na realización dos proxectos de voluntariado que se presenten ao abeiro desta convocatoria. Este programa está financiado na súa totalidade pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que concedeu a cantidade de 12.000 € (Total do orzamento).

7º.- Á pregunta sobre a subvención concedida á Asociación de Amigos da Camelia, a Presidencia di que este ano dado o retraso na aprobación dos orzamentos, tamén ás baixas de persoal administrativo que dificultaron a tramitación destes temas, etcétera, decidiuse que o máis operativo era comezar coa aplicación das bases aprobadas no ano 2018. En calquera caso cre que se foron cubrindo as necesidades das distintas asociacións formuladas ata o momento.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se non saíu a convocatoria das subvencións a asociacións; ao que lle responde a Presidencia que non.

8º.- Á pregunta sobre a relación que ten o concello co campo de traballo e quen o leva a cabo, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP, que di que o concello solicitoulle á Xunta o proxecto de Campo de Traballo 2017.

Logo de ser aceptado e aprobado, asinouose un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o concello de Vedra para a realización deste campo de traballo dentro da Campaña de Verán da Xunta de Galicia, concedendo o total do orzamento solicitado cunha contía de 10.829,50 €; asumindo a Consellería a reserva e adjudicación de prazas e a súa difusión na programación da Campaña de Verán 2017. O concello encárgase de xestionar e contratar a execución do campo de traballo: persoal técnico (director e monitores), aloxamento en réxime de pensión completa, transporte, e material necesario para o desenvolvemento das actividades.

Lévanos a cabo, técnicos do Concello, empresas locais de tempo libre e tamén voluntarios a través do programa de Voluntariado Xuvenil.

9º.- Á pregunta sobre as obras do local social de Vedra, a Presidencia contesta que xa están rematadas.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a publicación no DOG e BOP da aprobación da modificación parcial do SUND, que avisarán cando suceda.

2º.- Sobre a cualificación da persoa que recibiu os traballos de organización dos fondos documentais do arquivo municipal de Vedra, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP que di que non hai cualificación específica especial ningunha, que foi un técnico municipal.

3º.- Á pregunta sobre a legalidade de non cargar a depuradora de Bazar aos propietarios dos terreos industriais tal e como indica o PXOM, a Presidencia di que contestará no próximo pleno.

4º.- Á pregunta sobre cal é o motivo de dar marcha atrás no tema do consorcio dos bombeiros, a Presidencia di que xa está contestada.



5º.- Á pregunta sobre o cruceiro de Lombaos, a Presidencia di que xa foi contestando no seu momento e que falou con máis veciños do lugar e dinlle que entre once e doce anos que o tiraron (2005/2006)

6.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Que balance fai o grupo de goberno da adhesión á APLU que se aprobou na anterior lexislatura? Cantos expedientes hai abertos e pechados? Que prazo hai dende que se abre un expediente ata que se pecha?

Hai unha denuncia sobre un galpón que ten un veciño de San Xián, que lle consta que a ten a APLU, e hai veciños que están pendentes deste tema; como está o expediente?

2º.- Sobre o tema da banda de Santa Cruz de Ribadulla, non poden buscar outra solución?. A resposta que lles deu non lles convence.

3º.- Fai un rogo sobre o que está sucedendo no CPI de Vedra. Roga a máxima implicación da Presidencia e do concelleiro de educación, que forma parte do consello escolar, sobre a problemática do transporte dos escolares de San Xián.

Hai tantos escolares que a solución que se dá é o desdobre da liña. Primeiro recólleos e déixaos no CPI e logo fan o transporte de Trasariz e San Andrés; e á volta é á inversa. Deste xeito hai escolares que saen ás tres da tarde sen comer e chegan á casa sobre as catro da tarde.

Entende que non se lle está dando importancia a este asunto. Despois queren dar a coñecer o concello, asentar poboación, etcétera, cando no lugar onde hai máis cativos non se lles ofrece unha solución. Xa que moitos pagan o comedor escolar, podían comer alí e chegar á casa xantados.

--O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Como van as probas para publicar en youtube os plenos? Fíxose algunha proba? Cando teñen pensado crear a páxina e subir os plenos?

2º.- Reitera as preguntas que fixo sobre a subvención para a obra do campo de fútbol de Vedra:

Cando saú a subvención?

Cando se solicitou a subvención?

3º.- Respecto do protocolo de actuación contra incendios di que teñen moito valor vir a pleno un ano despois sen telo rematado. Hai un ano que a oposición llo solicitou e xa debería estar rematado e presentado.

4º.- Respecto á RPT do concello di que as preguntas que fixo no anterior pleno non están contestadas, polo que as repite:

a.- Como explica os desequilibrios salariais que existen no concello, onde algúns traballadores superan con moito o 100% e outros non chegan ao 75%,?

b.- Por que o Sr. Alcalde contrata unha empresa privada, cun custe de 5.000 €, para un traballo que debería ser gratis xa que é responsabilidade dos representantes dos traballadores, do concelleiro de recursos humanos (Sr. Lema Mougán) e en última instancia do xefe de recursos humanos (Sr. Alcalde)?

c.- Cal é o motivo de que existan semellantes desequilibrios salariais?

5º.- Respecto aos traballos de organización dos fondos documentais do arquivo municipal de Vedra di que a igualdade de oportunidades neste concello está nesgada, e rógalle que exista esa igualdade de oportunidades para todos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



6º.- Respecto das obras do local da Terceira Idade, dixo que xa estaban rematadas. As obras solucionaron os problemas que había? Cónstalle que segue entrando auga, segundo dixeron varios usuarios.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Respecto á petición de documentación referente aos traballos de organización do arquivo municipal, desde o punto de vista legal está expresamente prohibida a copia e petición que fixo?

O Sr. Secretario respóndelle que a súa valoración da copia dese expediente concreto xa o di no informe: solicitude razoada, autorización dos interesados que figuran no expediente e en función diso, decreto da alcaldía accedendo ou non.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que cre que a Alcaldía e o grupo de goberno non saben de que vai o asunto. O Sr. Alcalde parapétase nunha enxeñería xurídica para tratar de argumentar a negativa a facilitar a copia da documentación. A petición da documentación está motivada por uns feitos que foron tratados en comisións e plenos, polos cales se fan unha serie de acusacións, e a resposta do concelleiro de cultura supón a admisión do contido dos escritos que presentou, e a resposta que dá é o silencio.

Págase por un traballo, que é man de obra xa que non se achegan recursos nin medios, de un mes e cinco días de duración case 8.000 €.

Resulta que a persoa contratada, seis meses antes dese procedemento, na documentación na que se solicitaba unha subvención para ese traballo, xa aparecía o seu nome e a xustificación de por que se tiña que contratar a esa persoa.

Sinala a présa que houbo no procedemento, entendendo que os prazos de execución que marcaba a subvención eran curtos, resulta que o día seis de outubro ás tres da tarde solicítanse os orzamentos e a contratación está resolta ao día seguinte. O traballo que tiña que comezar o día quince de outubro, por algunha razón que o Sr. Alcalde se nega a explicar, adíase para o vinte un de outubro. Á vista da documentación, o Sr. Castro Rocamonde determina que a contratada estaba en situación de imposibilidade de contratar e que se deu de alta como empresa o día do contrato.

Por que se adiou a contratación ata o día vinte un de outubro?

Ten constancia se a contratada se deu de alta como profesional só para este traballo ou se continuou?

2º.- A proposta alternativa do PP á moción presentada polo BNG-AA sobre o plan de suficiencia enerxética en Santa Cruz de Ribadulla foi a de implantar ese plan nun local social en Santa Cruz, contemplan o orzamento previsto para iso ou foi un brinde ao sol?

3º.- Respecto ao Plan de igualdade do concello, parece que por fin van ter un.

O seu grupo presentou un escrito de queixa á Valedora do Pobo instando a súa intervención neste tema, e logo de varios requirimentos por parte da Valedora do Pobo o concello di: "...somos conscientes de que se retrasou a elaboración deste plan de igualdade máis do que quixeramos, pero tamén hai que entender que os recursos dos que dispoñemos non son todos os que nos gustaría..."

Que recursos demanda ou lle gustaría ter a este goberno municipal? Tipo material, económico, persoal?

Trasladoulle estas demandas ao conselleiro da materia na reunión que tivo con el?

Demandoulles estes recursos a outras administracións? Denegáronllos?

Por quen está composta a comisión de igualdade?

4º.- Respecto ao Local Social de Vedra pregunta:



Cre que o acabado das fachadas rehabilitadas harmoniza coas que non están rehabilitadas?

Ese acabado exterior cumpre os requisitos de harmonización dos núcleos rurais e é susceptible de executar nunha vivenda no núcleo rural?

5º.- Ten constancia que unha señora de A Coruña está pagando o IBI da nave do concello de Trobe construída no seu día ao abeiro da mancomunidade Vedra-Boqueixón?

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta:

1º.- Cal é a cantidade de actuacións que se realizaron a través da APLU que son derivadas daquela aprobación?

2º.- No ano 2008 o xornal El Correo Gallego facíase eco dunha nova para a construción dun centro de día e residencia de anciáns, onde se anunciaba un convenio do anterior alcalde, Odón Cobas, coa Consellería de Vicepresidencia. Reunírase con Anxo Quintana e Pilar Candocia para o mesmo e unha finca rústica urbanizable pasaba ao concello, cuxa ocupación sería dotacional, e así aparece no PXOM.

Entre o 2008 e o 2009 hai unha visita de Pilar Candocia ao concello que dá o visto e prace para construír o centro de día e a residencia. Comézase o proxecto e no ano 2011 chegan vostedes á alcaldía, e no 2017 o terreo pasa de novo ao propietario orixinal a través dun triplo rexistro da propiedade por incumprimento de convenio.

Ese rexistro da propiedade está a favor dunha sociedade. Espera que non sexa un pelotazo no que se deixan ir para chegar a un posterior acordo cunha empresa privada para xerar un modelo de xestión público-privada que Odón Cobas deseñara como público.

Como é posible que isto pasara?

Como é posible que un dos últimos terreos que quedaban na parroquia con estas características se devolva a mans privadas?

Solicita ter acceso e copias do expediente do mesmo .

O tal José Manuel Rodríguez Casteleiro, que o Sr. Alcalde non coñece, era o propietario orixinal. Cónstalle que o concello iniciou un litixio contra este señor para volver a ter a propiedade pública deste terreo.

A Presidencia contesta que hai un departamento xurídico que está traballando para a recuperación da parcela.

3º.- Sobre a moción presentado para o mantemento das oficinas de correos en Vedra e Boqueixón roga que non traian a pleno a aprobación do pago do aluguer do local en Lestedo e espera que se cumpran todas as condicións da moción que aprobaron.

4º.- Respecto ao parque comarcal de bombeiros solicita que o concello tome parte nas negociacións sobre o mesmo.

5º.- Solicita información sobre os problemas que aconteceron nos procesos de selección do obradoiro de emprego Vedra-Boqueixón en relación a un traballador respecto ao uso do idioma galego.

6º.- Como vai o proceso de reposición da legalidade do cruceiro de Lombaos? Iniciouse o expediente de reposición da legalidade?

A Presidencia contesta que está pendente dunha reunión xa que estaba o técnico de vacacións, polo tema da titularidade.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas.